

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
González Santamaría, Pedro
Martínez Martín, M^a José
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica

DESCULPA ASISTENCIA

Alonso Vega, María Flora
Cebro Barreiro, Sabela
Fernández Alvarado, Hadrián
Pena Uris, Gloria M.

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 27 de maio de dous mil quince, convocada para as 12:30 h en primeira convocatoria e ás 13:00 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **27 de maio de 2015** ás 13:00 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de abril de 2015.
2. Aprobación, se procede, das resolucións das reclamacións á proclamación provisional de candidatos e candidatas electas e aprobación da proclamación definitiva de candidatos e candidatas electas.
3. Outros asuntos de interese.
4. Rolda libre de intervencións.

Antes de tratar os asuntos da orde do día e por motivo da ausencia por baixa médica da secretaria da Comisión Electoral, dona Gloria Pena Uris, acórdase que actúe como secretario/a o membro presente de menor idade, que é don Pedro González Santamaría.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de abril de 2015.

Por mor da baixa médica da secretaria xeral, non está dispoñible a totalidade da acta para a súa presentación ante a Comisión Electoral, polo que se acorda adiar este punto á vindeira sesión.

Punto 2. Aprobación, se procede, das resolucións das reclamacións á proclamación provisional de candidatos e candidatas electas e aprobación da proclamación definitiva de candidatos e candidatas electas.

Ao non haber reclamacións á proclamación provisional de candidatos e candidatas, apróbase por asentimento a proclamación definitiva de candidatos e candidatas electas.

Punto 3. Outros asuntos de interese.

Non se presentan.

Punto 4. Rolda libre de intervencións.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:05 h do día 27 de maio de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

P.A. Pedro González Santamaría